



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	11 DE NOVEMBRO DE 2014.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO AUTOMÓBIL EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra mediante procedemento negociado sen publicidade , efectúanse as seguintes observacións:

- Respecto dos criterios de valoración cómpre recordar a necesidade de xustificar no expediente a elección dos criterios de adxudicación, non sendo suficiente unha mera relación.
- En relación ao criterio recollido no apartado 15-I, seguindo a doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, o incumprimento da redución do prazo de entrega representaría un manifesto fraude e debe constituír unha causa resolutoria do contrato. Polo tanto só procede a súa inclusión cando a redución do prazo sexa de auténtico interese público, debendo graduarse adecuadamente, ao igual que o criterio relativo á emisión de CO₂.
- Os criterios sometidos a xuízo de valor son excesivamente xenéricos posto que aluden a melloras que esixen unha maior concreción e determinación.

Polo demais, o prego axústase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (TRLCSP), e á demais normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.

Completado o expediente de contratación ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2014

A letrada

María Aneiros González